

NOME:

Os posesivos

Fíxate nas palabras destacadas no debuxo. Son determinantes **posesivos**.

Os posesivos indican à quen pertence o nome ao que acompañan.

Levan sempre diante o artigo determinado correspondente.



1 Pon o artigo que cumpra:

- | | |
|-----------------|--------------------|
| ... miña illa | ... miñas amigas |
| ... teus cómics | ... súas historias |
| ... seu barco | ... nosos segredos |

2 Copia e completa o cadro dos posesivos:

Dun só		De varios		
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	meu túa ...	noso ... seu	... vosa ...
Plural	... teus ...	miñas ... súas	... vosos súas

3 Cambia o xénero e o número seguindo o exemplo:

► O meu neno → a miña nena, os meus nenos, as miñas nenas.

4 Copia as oracións e subliña os posesivos:

- Déixasme o teu caldeiro para facer o meu castelo de area?
- O noso avó traballou de fareiro na túa vila.
- Nunca vira un colexio tan grande coma o voso!
- O máis importante para min é a miña familia e os meus amigos.

XOGO COA LINGUA

1 Descubre posesivos e demostrativos agochados nestas palabras; clasifícalos:

camiñante cacatúa peste princesa cariñoso Raquel seudónimo



5 Completa:

Os **posesivos** expresan a quen o que o nome indica. Levan sempre diante o determinado.

6 Completa agora o cadro coas formas dos posesivos:

		Dun só		De varios	
		Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	meu				nosa
	teu				vosa
	seu				súa
Plural		miñas			
		túas			
		súas			

7 Subliña os posesivos que atopes no texto e adiviña:

Chámanme rei,
de aire é o meu reino.
Dourada é a miña testa,
pero cabeza non teño.
Os meus cabelos son louros,
mais non teño pelo.
Arranxo os teus reloxos
sen ser reloxeiro.
Cal é o meu nome?
Que nome levo?

Quen son?

Unha pista!

O meu nome ten moi poucas letras.

Son


8 Completa cos artigos adecuados:

___ nosas fragas	___ teus amigos	___ miña maceira
___ vosos limóns	___ súa leira	___ túas laranxeiras

NOME:

Palabras con r e con rr

1 Le con coidado as palabras que hai no debuxo:



O r soa forte:

- ao principio de palabra: *rocha, remos;*
- despois de **n, l, s**: *enredadeira, Israel;*
- cando vai escrito **rr** entre vogais: *gorro, carreta.*

No resto dos casos, o r soa suave: *area, mar, pedras.*

2 Le ás seguintes palabras e clasificaas no cadro:

ourizo	faro	sombra	amarre
brétema	proa	marea	peirao
redes	rumbo	áncora	barra

R forte		R suave	
r	rr		

3 Eixe a palabra correcta de cada parella e escribe as oracións:

- A fonte botaba un **choro/chorro** de auga clara.
- O pirata non é tan **fero/ferro** como parece.
- Hai que amañar a roda do **caro/carro**.

4 Escribe **r** ou **rr** nas seguintes palabras:

ca_o

_a

t_itón

t_oita

lamp_ea

lavandei_a

maza_ico

lont_a

_ato

_iada

enco_o

fe_venza

5 Recolle das palabras do exercicio anterior dous nomes de:

Aves:

Peixes:

Mamíferos:

Anfibios:

6 Subliña os demostrativos e indica o seu xénero e número:

Esta cobra xa mudou a pel. → _____

Estes ovos deben ser dunha ra. → _____

Aquela lontra pescou un peixe moi grande. → _____

Eses chíos parecen dun mazarico. → _____

7 Completa con **r** ou **rr**:

____ato

____eloxo

tou____o

vasoi____a

cu____al

afo____os

a____ea

tu____istas

en____iba

ba____co

na____iz

____eg____a

____úas

____ío

va____edor

ma____ea

8 Escribe dous exemplos de cada:

a) r- ao comezo de palabra:

b) -r- entre vogais:

c) -rr- entre vogais:

d) r detrás doutra consoante: